



Conexión Wifi con certificado FNMT en iOS

Rede Corporativa da Xunta de Galicia



CONTROL DE VERSIÓNS E DISTRIBUCIÓN			
NOME DO DOCUMENTO:	Conexión Wifi con certificado FNMT en iOS	VERSIÓN:	03.00
COD. DO DOCUMENTO:			
ELABORADO POR:	Centro de Xestión de Rede	DATA:	22/12/2023
VALIDADO POR:		DATA:	
APROBADO POR:		DATA:	

REXISTRO DE CAMBIOS		
Versión	Causa da nova versión	Data de aprobación

LISTA DE DISTRIBUCIÓN (opcional)		
Nome	Número de copia	Área/Centro/Localización

CLÁUSULA DE CONFIDENCIALIDADE

Este documento é propiedade da AMTEGA (Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia). Deberá utilizar dito material exclusivamente para os servizos que foron acordados coa AMTEGA e que requiren necesariamente da súa utilización. Dito compromiso inclúe a prohibición da reprodución parcial ou total do material mencionado, por calquera medio ou método.

ÍNDICE


1. INTRODUCCIÓN.....	4
2. PROCESO DE CONEXIÓN.....	5
3. CONDICIONS DE USO:.....	9

1. INTRODUCCIÓN

O obxectivo do presente documento é describiros pasos para realizala conexión á rede sen fíos empregando un certificado dixital emitido pola Fábrica Nacional de Moeda e Timbre (FNMT) en dispositivos iOS.

2. PROCESO DE CONEXIÓN

Primeiro necesitamos instalar o certificado. Unha vez que dispoñemos do certificado no dispositivo procedemos do seguinte xeito:




Introducimos a chave de seguridade de bloqueo do terminal:




Avanzamos á pantalla *Instalar*:




Introducímola chave do certificado e avanzamos en *Siguiente*:



Neste punto o certificado xa estaría instalado.




A continuación imos a *Ajustes* e *Wi-Fi*.



Seleccionamos a rede *RCXG-Externos*:




A continuación modificamos o perfil:



En usuario, tecleamos o noso DNI e en *Identidade* seleccionamos o noso certificado.



Finalizamos o proceso pinchando en *Conectarse*.



3. CONDICIONS DE USO:

Có acceso á rede Wifi o usuario acepta de modo explícito as obrigas aquí indicadas.

Medidas de seguridade de obrigado cumprimento

Os usuarios que accedan as redes Wifi da Xunta de Galicia teñen que cumprir coas seguintes medidas de seguridade:

1. O equipo utilizado para conectar coa rede Wifi deberá empregar un sistema operativo distribuído de forma oficial por fabricante do mesmo.
2. O equipo debe ter un antivirus instalado. Este antivirus ten que funcionar correctamente, actualizando diariamente as súas firmas.
3. O equipo ten que ter instaladas todas as actualizacións de seguridade fornecidas polo fabricante.

A Amtega resérvase a facultade de non proporcionar ou inhabilitar posteriormente o acceso Wifi se non se cumpren as medidas de seguridade indicadas.

Monitorización

O acceso e tráfico das redes Wifi será monitorizado de modo automático polas plataformas de seguridade da Xunta coas seguintes finalidades:

1. Detección de actuacións anómalas.
2. Detección de intrusionés.
3. Análise forense de incidentes de seguridade ou incumprimento das normas e políticas de seguridade.
4. Medición e estatísticas para a optimización e mellora do servizo.

Protección de Datos

Información básica sobre protección de datos persoais: os seus datos serán tratados, na súa condición de responsable, pola Xunta de Galicia - Amtega, coa finalidade de xestionar os compromisos de confidencialidade e non revelación de información. A base lexitimadora é o cumprimento dunha obrigação legal (R.D. 311/2022, de 3 de maio polo que se regula o Esquema Nacional de Seguridade). Non se prevén co-municacións a terceiros. As persoas interesadas poderán solicitar ante o responsable do tratamento o acce-so, rectificación, limitación e supresión dos seus datos, así como opoñerse ao seu tratamento, segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos>. Contacto co/coa delegado/a de protección de datos e información adicional en <https://www.xunta.gal/información-xeral-proteccion-datos>.